

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 20 DE XANEIRO DO 2022.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p><b>Interventor:</b> GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 horas do día 20 de xaneiro do 2022, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

**Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 13/01/2022**

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202201/080**

**Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/01/2022 “Decreto: CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PROXECTO “PASO SOBRE RÍO LISTRES PARA CONTINUIDADE DE RÚA EN CASTIÑEIRAS (RIBEIRA)” E AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS”**



### 3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - CENTRO DE MAYORES LA RECTORAL DE ARTES SOCIEDAD LIMITADA.

*FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Fogar residencial e residencia para persoas maiores, (miniresidencia), (epígrafe IAE 951).*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural C.*

*REFª CATASTRAL: 15074A001000790000KI.*

*SITUACIÓN: Lugar de outeiro s/n, Artes, Ribeira.*

*PROMOTOR/A: CENTRO DE MAYORES LA RECTORAL DE ARTES SOCIEDAD LIMITADA, (CIF B15953771).*

*AUTOR/A PROXECTO: Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451).*

*PROXECTO: Proxecto Básico de xullo de 2019 / Modificado de Proxecto Básico e Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 30 de decembro de 2019 / Refundido de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 12 de xuño de 2020.*

*AUTORIZACIÓN SECTORIAL: Informe favorable emitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social asinado dixitalmente o día 1 de xuño de 2020 polo subdirector xeral de proxectos e accesibilidade Alberto Balea Figueiras / Informe favorable emitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social asinado dixitalmente o día 3 de xuño de 2020 pola xefa do servizo de inspección de maiores, discapacidade e dependencia Berta Besada Porto / Resolución emitida pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social asinado dixitalmente o día 4 de xuño de 2020 polo subdirector xeral de autorización e inspección de servizos sociais Fernando González Abeijón.*

*DOCUMENTACIÓN INICIO ACTIVIDADE: Memoria de estado definitivo visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de febreiro de 2021 / Certificado Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de marzo de 2021 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto Sr. Sergio Lucio Paniccia e polo arquitecto Técnico Manuel Vidal García / Certificado de illamento acústico de día 14 de setembro de 2021 emitido pola empresa Virocem S.L. / Resolución favorable de inicio de actividade emitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social o día 16 de xuño de 2021.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de xuño de 2020 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** á RESIDENCIA CENTRO DE DÍA ARTES S.L., **LICENZA DE OBRAS Nº 20/20** para adecuación de centro existente como fogar residencial, p/residencial e residencia (miniresidencia), sita no lugar de outeiro s/n, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A001000790000KI, nos termos do Refundido de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 12 de xuño de 2020 redactado por Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451).

**SEGUNDO.-** Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de marzo de 2021 e que por unanimidade acorda tomar coñecemento do cambio da denominación social da sociedade CENTRO DE MAYORES LA RECTORAL DE ARTES SOCIEDAD LIMITADA, (CIF B15953771), titular da licenza de actividade de centro existente como fogar residencial, p/residencial e residencia (miniresidencia), (licenza definitiva concedida por Decreto de alcaldía de data 24 de novembro de 2006), en instalacións sitas no lugar de outeiro s/n, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A001000790000KI, presentada polo Sr. Javier Bellido Plaza, (DNI 30.582.198-H).

**TERCEIRO.-** Vista a comunicación previa para o inicio de actividade presentada pola sociedade CENTRO DE MAYORES LA RECTORAL DE ARTES SOCIEDAD LIMITADA, (CIF



B15953771), para exercer a actividade de fogar residencial e residencia para persoas maiores, (miniresidencia), (epígrafe IAE 951) en instalacións sitas no lugar de Outeiro s/n, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A001000790000KI, achegando Memoria de estado definitivo visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de febreiro de 2021, Certificado Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de marzo de 2021 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto Sr. Sergio Lucio Paniccia e polo arquitecto Técnico Manuel Vidal García, Certificado de illamento acústico de día 14 de setembro de 2021 emitido pola empresa Virocem S.L., Resolución favorable de inicio de actividade emitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social o día 16 de xuño de 2021.

**CUARTO.-** Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga en relación ao inicio da actividade con sinatura de día 12 de xaneiro de 2022.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/01/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade de fogar residencial e residencia para persoas maiores, (miniresidencia), (epígrafe IAE 951), presentada pola entidade CENTRO DE MAYORES LA RECTORAL DE ARTES SOCIEDAD LIMITADA, (CIF B15953771), en instalación sitas no lugar de Outeiro s/n, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A001000790000KI, nos termos do Memoria de estado definitivo visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de febreiro de 2021, Certificado Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de marzo de 2021 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto Sr. Sergio Lucio Paniccia e polo arquitecto Técnico Manuel Vidal García e da Resolución favorable de inicio de actividade emitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social o día 16 de xuño de 2021.

**SEGUNDO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**TERCEIRO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

**CUARTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederá a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

#### 4.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

##### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.12.2021:

22059 10.12.2021 SARA SEVILLA IGLESIAS, desmantelamiento interior de local situado en Avda. de Lugo, nº 1, baixo, Ribeira.

##### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 04.01.2022:

20862 22.11.2021 SUSANA AGRELO GARCÍA, cierre exterior, en rúa Sagres, 36, Aguiño.  
22152 13.12.2021 M<sup>a</sup> DEL ROSARIO GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ, cambio de ventanas en rúa Mendiño, 4, Ribeira.

#### 5.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE MARTÍN, PÁRAMOS, RIBEIRA. PROMOTOR: BORJA FRANCISCO MARIÑO PAMPÍN.

**VISTA** a solicitude de licenzia urbanística presentada por **D. Borja Francisco Mariño Pampín**, DNI nº 52936476K, (rexistrada de entrada o día 27 de setembro de 2021, nº 17300), para construción de **vivenda unifamiliar, no lugar de Martín, Páramos, Ribeira**, achegándose Proxecto Básico de setembro de 2021 redactado polo arquitecto D.José Antonio Gómez Domínguez. Nº C.O.A.G. 4169.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico en tarefas de asesoramento desta Corporación municipal de data 28 de setembro de 2021, e do secretario xeral da Corporación de data 13 de xaneiro de 2021, **considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,**



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Borja Francisco Mariño Pampín, LICENZA DE OBRAS (Nº 1/22)** para construción de **vivenda unifamiliar, no lugar de Martín, Páramos, Ribeira**, según Proxecto Básico de setembro de 2021 redactado polo arquitecto D.José Antonio Gómez Domínguez. Nº C.O.A.G. 4169.

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos**
- Deberá realizar, no seu caso, a **previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, na superficie de cesión que determinen os servizos técnicos municipais**, e completar, a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais a fianza que determinen igualmente os servizos técnicos municipais **en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.**

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública*



*obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



**SIXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 6.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Eva María Sampedro Pérez

**Visto** o escrito presentado por **Eva María Sampedro Pérez**, de data 13/01/2022 (Registro de entrada nº 563), no que solicita certificación urbanística en relación á vivenda sita na Rúa Xoana Torres nº 2, bloque 1, 2º-C, Ribeira con refª catastral nº 0314305NH0101S0026HK.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/01/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita na Rúa Xoana Torres nº 2, bloque 1, 2º-C, Ribeira con refª catastral nº 0314305NH0101S0026HK.



#### 7.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Maneiro Romero

**Visto** o escrito presentado por **María Maneiro Romero**, de data 10/12/2021 (Registro de entrada nº 22.044), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Rúa Igrexa nº 8, Corrubedo, Ribeira en parcela con refª catastral nº 4137816MH9143N0001SZ.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/01/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa Igrexa nº 8, Corrubedo, Ribeira en parcela con refª catastral nº 4137816MH9143N0001SZ.

#### 8.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Vicente García Rivas

**Visto** o escrito presentado por **Vicente García Rivas**, de data 29/12/2021 (Registro de entrada nº 23.116), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Palmeira con refª catastral nº 3443201NH0134S0001LH.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polos Servizos Técnicos Municipais, de data 17/01/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Ref. catastral: 3443201NH0134S0001LH

Solicítase certificado municipal dos números de situación dun edificio.

Persoados os Servizos Técnicos Municipais no lugar, se encontra que o inmovible arriba citado ten dúas direccións: A porta de entrada para a planta soto se corresponde coa Rúa da Canle, nº 2 (Palmeira); o portal de entrada para a planta baixa, primeira e segunda é Rúa do Vilar, 45 (Palmeira).

#### 9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Catalina Pérez Romano

**Visto** o escrito presentado por **Catalina Pérez Romano**, de data 22/11/2021 (Registro de entrada nº 20.863), no que solicita certificación urbanística relativa aos terreos cedidos para apertura de pista en Mosqueiros – Revolta (Castiñeiras).

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 17/01/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A019008090000KI





Persoados os Servizos Técnicos Municipais no lugar, tomadas varias medidas in situ e cotexadas coa cartografía obrante no Concello de Ribeira, se pode afirmar que o galpón propiedade da solicitante está retranqueado respecto dun camiño de pés primitivo, e que a superficie de terreo cedido é de 22,80 m<sup>2</sup>.

**10.- LICENZA DE AGRUPACIÓN-SEGREGACIÓN DE FINCAS NO LUGAR DE VILAR, CARREIRA (RIBEIRA) - CORRECCIÓN LICENZA - . PROMOTORA: MANUELA CRUJEIRAS CRUJEIRAS**

**VISTO** o correcto **contrato de cesión** asinado por **Dna. María Beatriz Brión Mos e Dna. Manuela Crujeiras Crujeiras** o día **25 de novembro de 2021**.

**ACREDITADA** a posterior omisión da finca con refª catastral nº **15074A003003410000KL** na licenza de agrupación e posterior segregación de fincas nº 9/21 (acordo de data 2 de decembro de 2021),

**VISTOS** os informes emitidos polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ó Departamento de Urbanismo con data **12 de xaneiro de 2021** e polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **13 de xaneiro de 2021**.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** a corrección de dito acordo resultando finalmente:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **Dna. Manuela Crujeiras Crujeiras** a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE FINCAS** con con refª catastral nº **15074A003003410000KL**, 15074A003003620000KH, 15074A003003630000KW e 15074A003003640000KA sitas no lugar de Vilar, Carreira, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de fincas de xullo de 2021 redactado por D. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), resultando finalmente catro (4) fincas de modo que:

**-FINCAS INICIAIS:** Finca Matriz A cunha superficie de 6.476,64 m<sup>2</sup>, Finca cunha superficie de 289,92 m<sup>2</sup> e Finca cunha superficie de 298,23 m<sup>2</sup>

**FINCAS RESULTANTES TRAS A AGRUPACIÓN DAS FINCAS DESCRITAS E POSTERIOR SEGREGACIÓN:**

**FINCA MATRIZ A** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 2.661,45m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 68,50 m<sup>2</sup> resultando unha superficie neta de 2.592,95 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca con refª catastral 15074A00300345, finca 3ª resultante da segregación, finca 2ª resultante da segregación; Sur finca con refª catastral 15074A00300361, finca con refª catastral 15074A00300360, finca con refª catastral 15074A00300359; Este vía pública interior de Aldea, finca 2ª resultante da segregación; Oeste finca con refª catastral 15074A00300360, finca con refª catastral 15074A00300361, vía pública DP7003.

**-FINCA B** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.241,90 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 130,50 m<sup>2</sup> resultando unha superficie neta de 1.111,40 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca 3ª resultante da segregación; Sur finca A matriz resultante da segregación, vía pública interior de Aldea; Este vía pública interior de Aldea; Oeste finca A matriz resultante da segregación.

**-FINCA C** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha



superficie bruta de 1.924,95 m<sup>2</sup>, superficie en SNR-B (1.689,55 m<sup>2</sup>) e en SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA (235,40 m<sup>2</sup>), unha superficie de cesión de 25,55 m<sup>2</sup> resultando unha superficie neta de 1.899,40 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300345, finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300343, finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300342, finca 4<sup>a</sup> resultante da segregación; Sur finca A matriz resultante da segregación, finca 2<sup>a</sup> resultante da segregación; Este finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300348, vía pública interior de Aldea; Oeste finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300345, finca A matriz resultante da segregación.

-**FINCA D** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.236,50 m<sup>2</sup>, superficie en SNR-B (1.027,60 m<sup>2</sup>) e en SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA (208,90 m<sup>2</sup>), unha superficie de cesión de 41,40 m<sup>2</sup> resultando unha superficie neta de 1.195,10 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300340, finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300339; Sur finca 3<sup>a</sup> resultante da segregación; Este finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300339, vía pública interior de Aldea; Oeste finca con ref<sup>a</sup> catastral 15074A00300342.

-**SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Consta contrato de cesión asinado pola Sra. María Beatriz Brión Mos e pola Sra. Manuela Crujeiras Crujeiras o día 25 de novembro de 2021 que comprende unha superficie total de cesión de 265,95 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita na Finca A unha superficie de cesión de 68,50 m<sup>2</sup>, na Finca B unha superficie de cesión de 130,50 m<sup>2</sup>, na Finca C unha superficie de cesión de 25,55 m<sup>2</sup>, na Finca D unha superficie de cesión de 41,40 m<sup>2</sup>.

**SEGUNDO:-** Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

**11.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ANTONIO ALBERTO HERNÁNDEZ DEL ROSAL, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D<sup>a</sup> CLARA JEREMÍAS SAMPEDRO, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 2645GPP OCASIONADOS COMO CONSECUENCIA DAS LABORES DE LIMPEZA E DESBROCE. EXPEDIENTE 2021 RESP000012.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de D. ANTONIO ALBERTO HERNÁNDEZ DEL ROSAL, en nome e representación de **D<sup>a</sup> CLARA JEREMÍAS SAMPEDRO** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

**Primeiro.-** O día 08 de abril de 2021, o vehículo marca Citroen C4, con placas de matrícula 2645GPP, propiedade de D<sup>a</sup> Clara Jeremías Sampedro con DNI número 33234016M, atopábase estacionado na vía pública, á altura do número 50, do lugar de Reiriz, parroquia de Olveira, do municipio de Ribeira, cando, de súpeto, bateron contra o mesmo unhas pedras que saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar os operarios do servizo municipal de xardinería por mor das labores de limpeza e desbroce que nesmes intres se estaban realizando.



Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 30/08/2021, D. Antonio Alberto Hernández del Rosal, con DNI número 51087363Q, en nome e representación de D<sup>a</sup> Clara Jeremías Sampedro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, consistentes na rotura do cristal traseiro do automóbil, que cuantifican na contía total de 337,32 euros, segundo factura de reparación, emitida na data 09/04/2021 por CARGLASS S.L.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: escrito de autorización para a representación da Sra. Jeremías Sampedro por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal asinado na data 14/04/2021; copia do Atestado realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira; e factura de reparación dos danos emitida por CARGLASS S.L.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía Local na data do sinistro.
- Informe emitido polo servizo causante do dano na data 09/11/2021.
- Informe emitido na data 18/11/2021 pola Policía Local.
- Certificación da titularidade do vehículo emitido na data 19/10/2021 pola Dirección Xeral de Tráfico.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade



prosperare e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao figurar como titular do vehículo que sufriu o dano polo que se reclama**, como así consta na certificación da titularidade do vehículo emitida na data 19/10/2021 pola Dirección Xeral de Tráfico.

Actúa representada polo Sr. Hernández del Rosal, que acredita a súa representación mediante escrito de autorización outorgado pola reclamante.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Citroen C4, con



placas de matrícula 2645GPP. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, como así consta no informe emitido na data do sinistro que afirman e ratifican en informe emitido na data 17/11/2021 na fase de instrución deste expediente:** “(...) **SEGUNDO.-** Que durante los trabajos de desbroce de los márgenes de la vía por los operarios municipales destinados al departamento de Medio Ambiente (Playas y desbroce) en el citado lugar, **le saltó una piedra/arenilla a la luna trasera del vehículo, tipo turismo, marca Citroen, modelo C4, matrícula 2645GPP, que se encontraba estacionado, en la vía pública, frente al número 50 del Lugar de Reiriz- Olveira, término municipal de Ribeira, causándole la rotura del vidrio trasero (luna trasera).** **TERCERO.-** Que la citada vía, donde se encontraban realizando los trabajos de desbroce no se encontraba señalizada con ningún tipo de señalización para advertir a los usuarios de los trabajos que se estaban ejecutando.”
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 09/11/2021 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** “En relación al expediente de referencia se afirma que, efectivamente, tal y como asegura la reclamante en su escrito presentado el día 30/08/2021, el día 08 de abril de 2021, los operarios de desbroce estuvieron realizando labores de este tipo en el lugar de Reiriz, parroquia de Olveira, de este término municipal, **y durante las mismas se ocasionaron daños en el vehículo marca Citroen, con placas de matrícula 2645GPP, que estaba estacionado en el citado lugar, al saltar piedras de las máquinas desbrozadoras e impactar contra la luna trasera del citado automóvil, ocasionando su rotura.**”

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Citroen C4, con placas de matrícula 2645GPP, propiedade de D<sup>a</sup> Clara M<sup>a</sup> Jeremías Sampedro e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada pola reclamante.

Respecto ao *quantum* a indemnizar, estímase en 337,32 euros, que é o importe total dos danos que consta na factura de reparación presentada pola reclamante.

Por todo o exposto, vista a proposta de resolución emitida ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 11/01/2022, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor, Pablo Bao Castro, de data 12/01/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C58DB00Q312T8D6W6E8 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	DOCUMENTO: 20220809179
	<p>MANUEL EMILIO PEREZ OUTEIRAL-CONCELLEIRO DELEG. DE INFRAESTRUTURAS, PERSOAL, BENESTAR COMUNITARIO, MERCADOS E CONSUMO - 20/01/2022          JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/01/2022          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/01/2022 11:47:35</p>	<p>Fecha: 20/01/2022          Hora: 11:47</p>



**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> CLARA JEREMÍAS SAMPEDRO, representada por D. ANTONIO ALBERTO HERNÁNDEZ DEL ROSAL, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 337,32 euros, que se abonará da forma seguinte:** o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 187,32 euros.

**12.- DACIÓN DE CONTA SENTENZA Nº 353/2021 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 353/2021 remitida polo Xulgado do Social Nº 3 de Santiago de Compostela, de data 27/12/2021, pola que se estima a demanda (DSP 422/2021) presentada por D<sup>a</sup> María Nieves Sobrido Pego fronte ao Concello de Ribeira, declarando a improcedencia do despido da demandante con data de efectos do día 18/06/2021.

**13.- REPOSICIÓN DE ESPELLO DE TRÁFICO Á SAIDA DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE RIBEIRA –Moisés Fernández Santos**

**Visto** o escrito presentado por **Moisés Fernández Santos**, de data 10/01/2022 (Registro de entrada nº 338), no que solicita a reposición do espello de tráfico situado á saída do Parque Comarcal de Bombeiros de Ribeira, ao ser imprescindible para ter boa visibilidade do tráfico á saída dos vehículos das instalacións do parque de bombeiros.

**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 11/01/2022.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a reposición do espello de tráfico situado á saída do Parque Comarcal de Bombeiros de Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.

**14.- SUBVENCÍONS AXUDAS COMEDORES ESCOLARES - CURSO 2021/2022.**

**VISTA** a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 14/01/2022, relativa ás axudas á escolarización para o curso académico 2021/2022, e na que sinala:

*“Segundo as Bases reguladoras das axuda á escolarización para o curso académico 2021/2022, a Comisión Avaliadora despois da valoración das solicitudes presentadas, para material escolar, e rematado o prazo para que os solicitantes presentaran os recibos dos gastos realizados e así aboar a axuda, propón o seguinte:*

*Publicados os listados de resolución definitiva de Axudas de material escolar; a comisión avaliadora informa que as resolucións concedidas debían presentar recibo xustificativo do gasto debidamente cumprimentado ata o día 30 de decembro, debido a que das persoas ás que se lle concedeu dita axuda non aportaron a documentación, a Comisión avaliadora valora ampliar o prazo de presentación ata o día 28 de febreiro do presente ano.*



*As solicitudes que teñan aportada a documentación completa, segundo o listado presentado, deben ser aboadas no mes de xaneiro.*

*Se publicará este listado na páxina web municipal e nos tablóns de anuncios do concello e dos servizos sociais.*

*Unha vez rematado o prazo, o día 01 de marzo de presente ano, aquelas solicitudes que non teñan aportada a documentación xustificativa do gasto realizado para material escolar, darase por desistida."*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da citada proposta, **acorda:**

- Aprobar a ampliación do prazo de presentación da documentación xustificativa debidamente cumprimentada do gasto ata o día 28 de febreiro do presente ano.
- Autorizar que as solicitudes que teñan aportada a documentación completa, segundo o listado presentado, deben ser aboadas no mes de xaneiro.
- Aprobar a publicación do listado, que consta na citada proposta, na páxina web municipal e nos tablóns de anuncios do concello e dos servizos sociais.
- Aprobar que, unha vez rematado o prazo, o día 01 de marzo de presente ano, aquelas solicitudes que non teñan aportada a documentación xustificativa do gasto realizado para material escolar, darase por desistida.

## 15.- PARTICIPACIÓN NA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL 2022

Vista a proposta presentada por **María José Sampedro Fernández, Concelleira Delegada de Cultura**, de data 17/01/2022, na que solicita a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2022 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 10 do 17 de xaneiro de 2022), e que se transcribe:

*"María José Sampedro Fernández, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira,*

**INFORMO:**

*Co obxecto de contribuir á difusión e á promoción da lingua, da música, o folclore, o teatro, a danza, o cine e demais manifestacións artísticas e culturais na provincia á Deputación Provincial da Coruña ven de publicar no Boletín Oficial da Provincia nº 10 de data 17/01/2022 a Convocatoria e bases reguladoras para a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2022, establecendo o prazo de inscrición de espectáculos dende a publicación da convocatoria ata o 0 de febreiro de 2022 ás 14:00h ; e o prazo de solicitude de actuacións, do 11 de marzo ás 00:00h ao 22 de marzo de 2022 ás 14.00h.*

*Este programa contén os apartados que se relacionan:*

**ESCENA AO VIVO**

*Programa que comprende de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, danza e música.*

**VISIÓNS**

*Programa de cinema e contidos audiovisuais.*

**ALICERCE**

*Programa de grupos de música, danza e teatro para grupos non profesionais.*

**LINGUA A ESCENA**



*Programa de espectáculo profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientadas á dinamización social da lingua galega.*

*Por unha banda, de conformidade co apartado 3.1-Inscripción de propostas artísticas do apartado programa ALICERCE, que regula o procedemento para a inscrición de espectáculos na Rede Cultural, o Concello de Ribeira ten interese en anotar ao Grupo Municipal de Teatro de Ribeira e á Coral Polifónica Municipal de Ribeira para a súa participación baixo as condicións deste programa.*

*Haberá que ter en conta o importe dos cachés que se fixan segundo o criterio de número de integrantes por grupo.*

*E por outra banda, tamén interese por participar nesta programación da Rede Cultural mediante a contratación de espectáculos dos distintos apartados que se contemplan. Así pois, de conformidade cos apartados 1.2.-Contratación de espectáculos, 2.2.-Contratación de propostas audiovisuais, 3.2.-Contratación de espectáculos non profesionais e 4.2.-Contratación de espectáculos de lingua o escena, o Concello de Ribeira podería solicitar no apartado de Escena ao Vivo un mínimo de 6 actuacións; no apartado Visións un máximo de 10 proxeccións das que un mínimo do 50% deben ser produción propia galega; no apartado Alicerce un máximo de 5 funcións e no apartado Lingua á escena un mínimo de 4 espectáculos.*

*As porcentaxes de cofinanciamento entre a Deputación e os Concellos, establecido no apartado 5.2, en todos os programas é para Concellos de 20.001-50.000 habitantes do 60% Concello e 40% Deputación.*

*As asignacións económicas máximas por grupos de concellos como establece o apartado 5.3-Axudicación das programacións é do límite máximo de achega orzamentaria da Deputación de 26.000,00€.*

*A participación neste programa conleva o cumprimento das obrigas establecidas nos apartados 1.3.-Escena ao vivo, 2.3-Visións, 3.3 Alicerce e 4.3 Lingua a escena.*

*De acordo co apartado 5.4.- Xustificación e pagamento establécese para os Concellos o seguinte:*

*a) Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.*

*b) A Deputación aboalle aos concellos o importe da porcentaxe (base 5.2) de cada unha das funcións, que deberán ser xustificadas de xeito individualizado na plataforma informática habilitada pola Deputación a tal efecto.*

*c) Para o cobramento de cada unha das funcións, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:*

*\* Copia do contrato suscrito entre o Concello e o grupo ou empresa e, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.*

*\* Certificación ou informe no que se acredite a realización da función concedida.*

*\* No caso de actuacións profesionais, certificación ou informe da comprobación das altas na Seguridade Social das e dos artistas participantes na función concedida.*

*d) Logo de que a Deputación aboe a función, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento e, no caso de non facelo, iniciarase o correspondente expediente de reintegro polo cantidade aboada indebidamente.*

*A vista de todo o exposto desta proposta, SOLICÍTASE á Xunta de Goberno Local:*

- *Acordo para participar no programa Rede Cultural 2022 da Deputación Provincial da Coruña*
  - Inscripción dos espectáculos do Grupo Municipal de Teatro e Coral Polifónica Municipal*
  - Solicitar espectáculos dos apartados contemplados nas bases reguladoras deste programa provincial."*





**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación á participación na programación da Rede Cultural para o ano 2022 da Deputación Provincial da Coruña

- a) Inscripción dos espectáculos do Grupo Municipal de Teatro e Coral Polifónica Municipal
- b) Solicitar espectáculos dos apartados contemplados nas bases reguladoras deste programa provincial.

**16.- APROBACIÓN DE FIRMA DE PROTOCOLO GENERAL DE ACTUACIÓN ENTRE LA SECRETARIA GENERAL DE AGENDA URBANA Y VIVIENDA DEL MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA Y EL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA.**

**Vista** la solicitud de subvención al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana para financiar la elaboración de un proyecto Piloto de Plan de Acción Local de la Agenda Urbana Española, al amparo de la Orden TMA/957/2021 publicada en el BOE nº 219, de 13 de septiembre, y aprobada dicha solicitud por Decreto de avocación de competencia de la Junta de Gobierno Local en la fecha 11/10/2021, dando cuenta a dicho órgano en la sesión celebrada el 14/10/2021.

**Vista** la resolución definitiva de concesión de las ayudas para la elaboración de proyectos piloto de Planes de Acción Local de la Agenda Urbana Española de fecha 11/12/2021.

**Considerando** que el Ayuntamiento de Ribeira conoce y comparte los contenidos y objetivos de la Agenda Urbana Española elaborada por el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, y además, tiene entre sus objetivos el cumplimiento de los objetivos marcados por las Agendas Internacionales, expresamente la Agenda 2030 de Naciones Unidas, la Nueva Agenda Urbana de Naciones Unidas y la Agenda Urbana para la Unión Europea.

En base a lo expuesto, visto el expediente de referencia, y vista la propuesta de resolución emitida al respecto por el Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de fecha, 18/01/2022, **LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL**, por unanimidad de los presentes, adopta los siguientes **ACUERDOS**:

- 1.- APROBAR la firma del PROTOCOLO GENERAL DE ACTUACIÓN ENTRE LA SECRETARIA GENERAL DE AGENDA URBANA Y VIVIENDA DEL MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA Y EL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA.
- 2.- Remitir este acuerdo junto con el Protocolo debidamente cumplimentado al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana y Vivienda.
- 3.- Facultar al Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación del Ayuntamiento de Ribeira y firmar el correspondiente Protocolo.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

